

**PEDRO PIÑOL**

Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_IgBa\_0156\_012\_en\_0\_09\_20\_id727\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_IgBa\_0156\_012\_en\_0\_09\_20\_id727.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 e ficha de transcripción  
**DURACIÓN:** 0:00:27

**DATOS DA RECOLLIDA**

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1993
- **LOCALIZACIÓN:**  
**Lugar/ aldea/ barrio:**  
**Parroquia:**  
**Concello:** Mesía  
**Provincia:** A Coruña  
**País:** Galicia
- **INFORMANTE**  
**Nome:** Descoñecemos o nome. Veciña de Mesía
- **RECOLLEDORES:** M. Pablo Vázquez Carro e José M. Sánchez Mato
- **COMPILADORA:** Baldomero Iglesias Dobarrio
- **COLECCIÓN:** Baldomero Iglesias (Mero)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**  
**Título xenérico:** Unha vella plantou unha viña  
**Tipo:** Contos de fórmula  
**Subtipo:** Contos acumulativos – Encandeamentos sobre outros sucesos  
**Referencia:** 2035 AT



## CONTEXTO

Baldomero Iglesias, “Mero”, é ben coñecido polo seu traballo no campo da música tradicional galega, pero o seu labor de pescuda e salvagarda abrangueu ademais outros aspectos da nosa tradición oral como é o caso da narrativa. Durante a súa extensa etapa como docente promoveu entre o seu alumnado, como actividade didáctica, a recollida a familiares e persoas maiores de contos, lendas, historias de vida, cantigas, e todo tipo de manifestacións da oralidade. Todo este material foi incorporado á súa colección persoal - da que o APOI é depositario - o que permitiu a súa conservación e posta en valor. Todo un exemplo da importancia de fomentar o diálogo interxeracional, que permite a transmisión de coñecementos entre a xente maior e a xente nova e a preservación da herdanza cultural.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada por Andrea Fernández Vilela

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto acumulativo , narración , encadeado

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Este é o conto de Pedro Piñol:

Pedro Piñol plantaches a col  
 veu a cabra e comeu a col  
 veu o pau e matou a cabra  
 veu o lume e queimou o pau  
 veu a auga e matou o lume  
 veu o boi e bebeu a augha  
 veu a corda e prendeu ó boi  
 veu o rato e roeu a corda  
 veu o ghatto e matou ó rato

quen viría o ghatto mata-lo rato  
 o rato roe-la corda  
 a corda a prende-lo boi  
 o boi a bebe-la augha  
 a augha a mata-lo lume  
 o lume a queima-lo pau  
 o pau a mata-la cabra  
 a cabra a come-la col  
 plantache-la col Pedro Piñol